

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE EDUCACIÓN,
BENESTAR SOCIAL, CULTURA, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E
PARTICIPACIÓN CIDADÁ DE DATA 29 DE XANEIRO DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezanove horas e quince minutos do día vinte e nove de xaneiro de dous mil oito, reúnen-se en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, os membros da Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU
- Don Manuel Marante Gómez, do Grupo Mixto (PG)

Faise constar que están presentes todos os membros da corporación.

Proposta para participar na segunda fase do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007, da Deputación Provincial da Coruña

Dada conta da proposta do concelleiro delegado de Educación, Xuventude e Deportes de data 17 de xaneiro de 2008.

Aberto debate, don Antón Otero Domínguez, do BNG, manifesta que viu como se construíu o campo de fútbol de Cambre, e leva unhas capas de asfalto, arena e fibra, en cambio, neste campo de fútbol aprovéitase o terreo que é monte e pedra e sobre el colócase o céspede artificial, polo que pide que se dea unha explicación.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que os campos de fútbol pódense facer sobre unha base de cemento ou aproveitar o que xa hai. Neste caso, se os técnicos din que coa base que hai é suficiente, pois considera que debe valer así.

A Comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, ditaminou favorablemente a seguinte proposta para o pleno:

Primeiro: Participar na segunda fase do Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica deseguido:

Denominación: Proxecto de obra de campo de herba artificial da Barcala.

Orzamento: 398.335,33 €

Achega municipal: 59.750,30 €

Achega provincial: 338.605,03 €

Segundo: Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra do campo de fútbol de herba artificial da Barcala previsto no apartado 1º.

Terceiro: Solicitarlle á deputación a delegación da contratación e execución da obra incluída no Plan, que se entenderá aceptada no suposto de que efectivamente se produza.

Cuarto: Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

Quinto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento do campo de fútbol de herba artificial da Barcala ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, que a suma total delas non supere o 100 % do seu importe.

Sexto: Facultar o alcalde-presidente para executar todo o relacionado co presente acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as dezanove horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Jaime Manuel López Lisnier

M^a Luisa de la Red Ampudia